

“Mar de lembranzas”

Pseudónimo: **Joel Fleischman**

A tinta súcalle a pel con desleixo e certo atrevemento. Percórrea embravecida, talmente como as ondas do mar que tantas veces navegou a barlovento. Os seus brazos aínda conteñen o remol de motivos mariños, trazados con imprecisión, deixándose esvaecer polo paso dos anos pero firmes no seu propósito de manter acesos os fachos da resistencia tatuada nunha pel engurrada.

Con esa mesma tinta, negra coma o chapapote que noutrora asolagou o seu corazón de tristura e o mar de vil escuridade, escribiu centos de aventuras agromadas na ferocidade das mareas. Aos poucos, foinas rubricando nun libro que rematou por ser o caderno de bitácora da súa vida. Foi nesas páxinas, onde baldeinou verbas que relataron ao longo dos anos as vivencias propias dunha errante vida de mariñeiro. Unha existencia que nin tan sequera ela, cos seus ollos de menta, cabelo de lume e corazón salvaxe, puido arrincar dun mar que sempre foi o seu fogar.

Agora procura vellas lembranzas aldraxadas en fotografías luídas polo inclemente esfolar do almanaque, acubilladas nun poeirento e desolador recuncho da memoria. As imaxes desgastadas pola luz do sol, decontado lle achegan o chuspe a salitre que tantas veces saboreou e o arrecendo da brisa mariña que adoitaba apousentárselle fedello na pituitaria.

Tan só con pasarlle a xema do dedo por riba a unha fotografía descolorida pode sentir o celme irredento do mar de Vigo, o rompente das ondas rachando contra a ourela, ceibando a súa efémera espuma na compañía dun son catártico. Pásalles o dedo por riba unha e outra vez, coma se no tacto se inzase un ritual onde as súas fortes e escrouchadas mans, avezadas a entretecer graúdos nós de mariñeiro, puidesen termar tamén do tempo fuxidío.

A través delas olla a súa infancia en branco e negro, percorrendo as lousas que atondan o chan do Berbés. Espreita con nostalxia a súa mocidade, cun floco de cabelo tapándolle uns ollos curiosos que abraiados, contemplaban unha cidade que aos poucos encomezaba a ateigarse de guindastres. Nelas bosquexase o trazo irreverente da xuventude camiñando a pé até o teatro García Barbón e agardando na ringleira para acomodarse entre as butacas de veludo granate do cine Fraga. Alí era onde máis lle prestaba espaxer os intres de lecer en terra firme.

Pola cabeza desfilanlle vivencias ganduxadas cos cantos das sereas, coa coruscante luz das bengalas ervellándolle a vista ou o son dos sinais en código morse. Dende ningures se pode dexergar a noite estrelecida como se albisca dende a Ría de Vigo. No seu reflexo debúxase a súa luminosidade plena, o refulxente ronsel arredado pola fugacidade das *perseidas* e as figuras case xeométricas, compostas por astros arrombados en constelacións.

Ás veces, aínda se fai difícil achandar a chaira superficie da terra firme cando un leva toda a vida aturando o arbitrario vaivén do mar, dexergando o mundo dende a proa e repoñendo folgos en cada peirao no que un retrinco de terra, se erixe coma devezos de acougo.

Aínda así, a mirada pérdeselle a través da fiestra do seu inhóspito cuarto. Imaxínase camiñando engorde por Urzáiz, ascendendo até o Calvario ou desfacendo os pasos cachaceiros pola Rúa Príncipe, ouvindo o remorso das melodías espaxadas por algún músico ambulante.

Arestora e para evocar os tempos murchados, balancea a cadeira coma se fose a oscilación propia dun navío. No renxer da madeira do chan, cre escoitar a buguina dun barco a piques de arribar. Repara nunha botella de auga e bota de menos prestarlle o seu temón ao líquido que contén o envase.

Abaixa o queixo e agarima a caluga. Decátase de que xa non fica gorecida por unha gorra de capitán. Un par de bágoas abrollan de cadanseus ollos arreguizados pola nostalxia. Esvaran polas fazulas embaixo até abandonarlle esta vez si, nos beizos, o acre sabor salgado. Refuga enxugas. Adora sentir o salitre beliscándolle na pel, escorregándolle polas comisuras.

Amalloado a un porto de desconsolo, as vellas instantáneas e o diario manuscrito supoñen o único lugar no que pode apelicarse ao recordo do que noutro foi. Ao mergullarse con teimosía nelas unha e outra vez, atopa un recuncho onde abrigarse ao fin, da tempestade da memoria minguada polo alzhéimer.

Foi ese o único naufraxio que tivo que padecer na súa dilatada existencia, o da memoria asolagada polo esquecemento, o dos recordos afundíndose nas profundidades mariñas, coma tesouros que fenderon a madeira dun vello buque á deriva por un mar de lembranzas a piques de esmorecer.

No maxín esvaécense a silueta graúda do Sereo, o sabor noitébrego dos bares de Churruca e os tentáculos agrelando do hierático corpo dun Xulio Verne cicelado ao pé do Náutico. Foi *20.000 leguas baixo dos mares* a obra que xunto cos solpores deitándose sobre a Ría de Vigo, fixeron que nos candorosos anos da infancia, eslumecese por converterse en mariñeiro.

Só ela, co seu amplo sorriso, angulosa faciana e voz aloumiñeira, parece poder rescatalo do limbo do esquecemento. Outra xeración distante no tempo pero lindeira no agarimo. escoita as súas historias mentres lle muda un cueiro no dormitorio. Sempre o agasalla un sorriso e unha verba amable. É a enfermeira que máis se asemella a aquela muller que noutro tempo estivo a piques de arredalo para sempre das mareas. Ao marchar ela, apaga a luz. Pecha as pálpebras dos ollos e reza para poder lembrarse esta noite de soñar con ela.